

Últimas cartas a Fole

NATALIA REGUEIRO

Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades
Santiago de Compostela

O corpus epistolar que imos describir comprende toda a correspondencia dirixida a Ánxel Fole gardada pola familia, pero, polo carácter pouco asentado e de desapego ás cousas materiais do escritor, só se conserva un pequeno epistolario, correspondente aos anos 1973-1986, do que, gracias á xenerosidade e cordialidade da súa sobriña Concha e ás xestións realizadas por Claudio Rodríguez Fer, podemos falar a continuación. Trátase, pois, do único testemuño epistolar pasivo do que dispoñemos, posto que só ocasional e parcialmente en *Grial* (núm. 95, 1987) aparece a perspectiva contraposta a través dalgunhas das cartas que Fole enviou a Francisco Fernández del Riego.

I. CARTAS PERSOAIS E AFECTIVAS

O punto de partida do epistolario foleano responde á xenerosidade, autenticidade e humanidade con que o escritor lucense correspondeu a múltiples relacións e resulta moi esclarecedor de aspectos entrañables da súa personalidade.

De **Antonio Suárez (o impresor Villamarín)** —quen nos anos trinta rexentaba a Imprenta Villamarín, onde se publicaron revistas esquerdistas como o periódico de vangarda política *Yunque*, dirixido por Ánxel Fole e de liña revolucionaria e marxista, ou o derradeiro número da republicana *Resol*— gárdase unha carta enviada, no ano 1976, dende Pau, onde vivía exiliado dende había moitos anos. Escrita en castelán, con habituais incorporacións de anglicismos e, sobre todo, de galicismos —froito das súas estadas en Gran Bretaña, Suíza e Francia—, supón a carta máis estensa de todo o conxunto epistolar. Nela diserta sobre a relatividade que implican as traducións dos textos, xustifica estas imprecisións aducindo ás distintas estruturas lingüísticas ou ós distintos gustos estéticos do tradutor e, a xeito de corroboración, engade unha análise comparativa tomando como exemplos os casos do norteamericano Edgar Allan Poe (*The Raven*) ou do francés Charles Baudelaire (*Les fleurs du mal*). Seguidamente, manifesta as súas impresións sobre a estética do francés Stéphane Mallarmé, tradutor de *The Raven*, e comenta algunhas das súas influencias, entre as que destacan o propio Poe ou Baudelaire e o músico alemán Wagner. Xa no plano máis persoal, fai unha evocación

nostálxica do pasado; adéntrase nas circunstancias que os enriqueceron persoal e intelectualmente na época da revista lucense *Yunque* (anos 1932-1934); dá conta do seu estado físico e profesional; menciona algúns asuntos da política francesa e envía lembranzas para Purificación de Cora e Salvador Fole.

Entre os diversos intelectuais que trataron estreitamente co noso escritor figura, así mesmo, **Xesús Bal y Gay**, cofundador da revista vangardista *Ronsel* e colaborador habitual das revistas republicanas e esquerdistas *Resol* e *Guión*. Consérvanse deste musicólogo lucense dúas catas escritas, cunha escasa marxe de tempo, no ano 1974, dende Madrid. Nas devanditas misivas, redactadas unha en galego e outra en castelán, alúdese ó artigo “Bolero”. O músico galego informa das súas tentativas por atopalo na hemeroteca e do posterior envío do mesmo. A insistencia en torno ó mencionado traballo vén reforzar o interese apaixonado de Fole pola música, que, xunto co cinema, é, despois da literatura, a arte preferida do escritor. Ademais, Bal y Gay fala da conmemoración da revista *Ronsel* que está a organizar con Evaristo Correa Calderón e Álvaro Gil, o resto dos fundadores, morto Pimentel. Eloxia a peculiaridade estética de *Contos da néboa*, ofrécese para colaborar na sección literaria de *El Progreso*, seguramente “Táboa Redonda”, e agradece agarimosamente a correspondencia recibida.

Entre os correspondenciais da Xeración do 36 consérvase unha misiva de **Ramón Piñeiro** —datada o 24 de febreiro de 1985, en Compostela—, co que Fole mantiña unha estreita relación humana e intelectual (non hai que esquecer, ademais, que o narrador ingresou, en 1935, no Partido Galeguista do que sería secretario provincial, por mediación de Piñeiro, quen tamén influiría no cultivo do galego, por parte de Fole, na creación literaria). Aínda doente dun accidente, o galeguista escribe unha tenra e solidaria carta en galego ó seu amigo Fole. Nela informa do seu propio estado de saúde, da lenta e progresiva recuperación tanto no aspecto físico como na reanudación das actividades intelectuais, infundíndolle ánimos e comprometéndose a visitalo cando vaia a Lugo e manter unha longa conversa, como xa viñan facendo ao longo de tantos anos. Fai tamén unha reseña afectiva e emotiva do acto de entrega das primeiras medallas Castelao, o 23 de febreiro de 1985, dada a ausencia de Fole por problemas de saúde.

De **Dionisio Gamallo Fierros**, tamén da Xeración do 36, atópanse dúas cartas en galego, unha delas remitidas dende Santander (onde estaba a impartir unha serie de cursos —entre eles, un de cinco leccións sobre Emilia Pardo Bazán—, na Universidade Menéndez Pelayo). O profesor ribadense manda, para “Táboa Redonda”, unha serie de artigos en torno ás cartas inéditas, xurdidas en 1883, que Emilia Pardo Bazán dirixira a Antonio Machado y Álvarez, o pai dos irmáns Machado e que, como salienta Gamallo Fierros, só foran exhumadas parcialmente polo propio remitente nalgunha das súas conferencias; fala, ademais, doutras actividades profesionais nas que está a traballar; fai unha precisión ecdótica, de carácter cronolóxico-temporal, dun dos seus artigos; interésase polo desenrolo da sección “Plaza del Campo”; require o envío dos exemplares de *El Progreso* e, finalmente, insta a Fole a que, xunto con Manuel del Río, Celestino

Fernández de la Vega e Juan Soto, asista á “Romería do Gaiteiro” en Ribadeo, o 3 de agosto.

En carta a Ánxel Fole do 30 de marzo de 1982, enviada dende Santiago de Compostela, **Gerardo Fernández Albor**, daquela presidente da Xunta de Galicia, amosa, nun ton moi familiar, o seu agradecemento pola misiva recibida había un mes. Con verbas de estreita camaradería expresa o desexo de ser útil para a boa marcha de Galicia, recorda as veladas na casa de Domingo García Sabell, lembra o gusto da conversa e evoca as viaxes conxuntas por Corrubedo, Porto de Son, Noia e O Caurel.

O escritor **Claudio Rodríguez Fer**, o máximo especialista na obra de Fole, escribiu catro cartas en galego, dende Salamanca (1979), Santiago de Compostela (1980, 1981) e París (1984), polo que resulta ser o corresponsal máis asiduo neste epistolario. A intensa relación que Rodríguez Fer mantivo con Fole, así como a estensa e pormenorizada atención que Fer adicou á persoa e a obra do narrador lugués ó longo de máis de vinte anos, fructificaría en obras centrais para o coñecemento integral da bibliografía foleana e, sobre todo, consolidaría unha fonda amizade que duraría ata a morte do autor de *Terra Brava*. Nas devanditas misivas, hai, entre os distintos temas a tratar, constantes mencións a “Táboa Redonda”, sección literaria de *El Progreso* onde Rodríguez Fer está a colaborar con frecuencia na época e así o evidencia falando do envío de diversos artigos que fan referencia ben a aspectos da obra de Fole, ben a outros asuntos artísticos. Adxunta, así mesmo, artigos publicados noutros medios mais sempre vinculados a Fole (por exemplo, “O placer de narrar”, *La Voz de Galicia, Cultura*, A Coruña, 17-9-1981); dá conta do libro ou do suplemento extraordinario nos que, sobre o mesmo autor, está a traballar; responde ás cuestións dispostas por Fole e ofrécese a calquera outra dilixencia que o escritor lucense poida suxerir. A derradeira carta dirixida polo autor de *Vida e obra de Ánxel Fole* está escrita dende o Musée National d'Art Moderne de París perante un cadro de Matisse, un dos pintores predilectos de Fole xunto con Van Gogh. Consta dunha crónica, ilustrada cun prospecto, na que se salientan os acontecementos culturais máis relevantes de París e máis do gusto de Fole: exposición sobre Kafka, mostra da obra gráfica de Chagall, retrospectiva de De Koonig, reposición da película de Fritz Lang *Metrópolis*, ... En conxunto, tódalas cartas anuncian encontros persoais, manifestan o desexo de parlicar amenamente e rematan con agarimosas lembranzas.

II. EPISTOLARIO BARCELONÉS EN TORNO A “TÁBOA REDONDA”

Ao compás da súa obra literaria, Fole mantivo unha intensa actividade revisteril e xornalística, finalmente representada pola páxina cultural “Táboa Redonda” do diario *El Progreso*, que fundou en 1970 e que dirixiu ata a súa morte. Pois ben, en relación a este suplemento cultural consérvanse unha ducia de cartas que, expedidas —maioritariamente— dende Barcelona, foron remitidas por tres colaboradores galegos: Xavier Costa Clavell, Manuel Rodríguez López e Xesús González Gómez.

Xavier Costa Clavell enviou, como colaborador de "Táboa Redonda", dúas cartas. Na primeira, pide, en galego e no mes de abril de 1980, a publicación dunha nota biográfica do seu pai, José Costa Figueiras, xunto co poema que lle adicou Ramón Cabanillas, acompañado, ademais, dunha foto e dunha glosa do propio Fole, no caso de que este accedese á solicitude. Efectivamente, como podemos verificar con posterioridade, o artigo proxectado chegou a publicarse en *El Progreso* o 18 de maio de 1980. Na segunda carta, tamén en galego, require, en maio de 1981, a data exacta da morte do escritor e periodista galego Ramón Fernández Mato, información que, coa nova do seu falecemento, saíra publicada en *El Progreso*.

Máis ampla é a correspondencia expedida polo cronista oficial do Centro Gallego de Barcelona, Manuel Rodríguez López, que supera en número ó resto dos remitentes. O seu epistolario abrangue un total de seis cartas en galego, enviadas durante os anos 1975-1982. Tratan, basicamente, dos asuntos relacionados con "Táboa Redonda", sección na que publicou moitos dos seus traballos. En función destas publicacións comunica a remisión de varios estudos encargados por Fole, manifesta as impresións xurdidas en torno a algúns dos materiais editados, agradece a difusión dos mesmos e anuncia o envío dunha nova serie de artigos: recensión dos actos culturais organizados, en 1980, polo Centro Gallego de Barcelona; reseña da inminente publicación do seu libro de crónicas, *Galegos de Catalunya* (1983), aparecidas anteriormente en diferentes medios periodísticos (*El Progreso*, *El Ideal Gallego*) e reportaxes, ás veces acompañadas de ilustracións fotográficas, sobre as viaxes realizadas por diversos puntos da xeografía galega, en varias ocasións co propio Fole. O mesmo Rodríguez López salienta a necesidade de recopilar todos estes artigos —algúns xa editados, outros pendentes de publicación— nun libro. En desconexión con "Táboa Redonda", o autor de *Viaxes con Ánxel Fole* tamén fai alusión a cuestións da propia produción persoal; notifica a realización dunha revista adicada a Fole, no Centro Gallego de Barcelona; transmite saúdos para José de Cora Paradela ou Juan Soto e remata manifestando o anxeo de voltar a Galicia para visitar ó escritor lucense e planificar conxuntamente novos percorridos.

A nómina de colaboradores vinculados a "Táboa Redonda" conclúe con Xesús González Gómez, quen remite, entre 1973 e 1976, catro cartas en galego. Na primeira misiva informa do envío dunha reseña referida a unha escolma de poesía portuguesa contemporánea ao tempo que proclama a necesidade de estreitar e promocionar o contacto galego-portugués. Na segunda, fala do remite dunha recensión crítica sobre un libro do filósofo francés Jean-Paul Sartre e invita a Fole a publicar traballos inéditos na revista *Alborada*, órgano de expresión do Centro Gallego de Barcelona. Finalmente, nas restantes cartas, pon de manifesto a importancia das traducións no coñecemento doutras culturas adxuntando, neste terreo, dúas traducións de poetas franceses e un artigo sobre o surrealista, tamén francés, André Breton para conmemorar o oitente cabodano do seu nacemento e o décimo aniversario do seu pasamento.

III. CORRESPONDENCIA OFICIAL

Un derradeiro bloque, máis prolífico e heteroxéneo que os anteriores, é o integrado pola correspondencia oficial. Conforman este grupo notificacións de diversa índole e referencias a varias homenaxes ou publicacións.

De procedencia institucional consérvanse dúas cartas en galego dende Santiago e A Coruña. A primeira, sen data, de Carlos García Martínez, en relación co Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento”, fala da creación do “Fondo de Teatro Galego Inédito” a fin de facilitar o proceso de recepción, difusión e divulgación de textos dramáticos galegos e configurar un arquivo testemuñal dos diferentes mecanismos imbricados na produción dunha obra teatral. Seguidamente pide a cooperación de Fole con aportacións de documentos e creacións inéditas, mostra de antemán o seu agradecemento e adxunta as bases establecidas na presentación do material solicitado.

A carta coruñesa, de 1983, pertence á Real Academia Galega, órgano do que Fole era académico numerario dende o 5 de outubro de 1963. Trata da convocatoria dunha xuntanza extraordinaria e outra ordinaria (celebradas, respectivamente, o 26 e o 25 de xuño de 1983) e centradas, como se detalla ó dorso da convocatoria expedida polo secretario e mailo presidente da institución, nos asuntos internos ou de carácter histórico, literario e artístico.

Conectadas ás publicacións periodísticas rexístranse dúas cartas: O director do diario rexional *El Ideal Gallego*, José Antonio Martín Aguado, escribiu unha misiva en castelán, a principios da década dos oitenta, na que afirma coñecer a insigne actividade cultural que está a desenrolar o escritor para a comunidade galega a través de Manuel Rodríguez López. Consecuentemente insta a Fole a participar no xornal, pero non nos consta que esta colaboración chegara a producirse. Existe tamén unha carta de Xosé Luís Celeiro Álvarez, director de *Tempo Galego*, revista onde Fole tiña unha sección. Preocupado por expoñer con claridade a problemática interna que sofre a revista, incorpora, primeiramente, un documento periodístico editado a finais do mes de outubro de 1982 por mediación dos traballadores do semanario no que, fundamentalmente, se delataba a incompetencia e informalidade de Gerardo Touris Mariño ó desentenderse inexplicablemente do financiamento da publicación. Tamén se exime de toda culpabilidade ó propio Celeiro e se declara o desexo, logo irrealizable, de continuar a elaboración da revista. Posteriormente, na mesma misiva e dende Santiago do mesmo ano, Celeiro reitera os puntos básicos postulados polos traballadores e se disculpa pola demora na clarificación dos acontecementos.

Na liña das notificacións individuais dispóñense de dous escritos. O catalán Ricard de Vargas-Golarons manda, no outubro de 1975 e dende Barcelona, unha misiva en galego corroblando o envío da revista de fala catalana *Canigó*. O semanario, de gran difusión nos países cataláns, transcribe a conversa sostida, meses atrás, polos interlocutores, adiantándose á revista mallorquina de cultura *Lluc* que pretende, igualmente, publicala nos derradeiros meses do ano. Mostra, ademais, o seu interés polo

acontecer cultural de “Táboa Redonda”, solicita o envío semanal da mesma así como o traballo do poeta húngaro Attila József que el mesmo preparara para *El Progreso*. Fai, finalmente, alusión ás actividades creativas e profesionais que está a levar a cabo, manifesta o desexo de voltar a Galicia e transmite lembranzas para Juan Soto, López Castro, Salvador Fole e Josefina Otero. Xa de 1984 é a outra carta que insertamos neste apartado. Débese á tese “La prensa gallega durante la Segunda República” na que María del Carmen Pérez Pais está a traballar. Esta investigadora dirixese a Fole en castelán para pedir, con dilixencia, información das tiradas de *Resol. Hojilla volandera del pueblo* —revista gratuita de dez números, editados en Santiago e Lugo durante os anos 1932-1932— e *Claridad. Semanario de izquierdas* —periódico bilingüe editado en Santiago e dedicado preferentemente a obreiros, campesiños e estudantes—. Con respecto ás revistas *Guión* —semanario bilingüe e republicano, denominado primeiramente *Ahora* e editado no Lugo dos anos trinta— e da colección de seis números *Yunque* —revista de vangarda política, dirixida por Fole, editada en Lugo entre 1932-1934 e onde Lorca publicara por primeira vez un poema galego—, Pérez Pais engade un cuestionario con formulacións máis pormenorizadas, conectadas ós motivos que impulsaron a aparición e posterior desaparición das mesmas, á localización completa das coleccións, ou vinculadas, así mesmo, ós aspectos de carácter directivo, administrativo ou económico e de carácter histórico-social (producción, distribución, consumo).

Alusión marxinal merece o *conxunto epistolar expedido á familia do escritor lucense* con motivo do finamento de Fole, o 9 de maio de 1986, como consecuencia dun paro cardíaco. Contamos, neste sentido, cunha escasa recopilación datada en maio do mesmo ano dende Lugo. Gárdase, pois, un escrito de pésame da familia do seu vello amigo Luís Pimentel, subscrita por María Pilar Cayón e fillos. Noutra carta, dirixida pola Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia e asinada polo delegado provincial de cultura Adolfo de Abel Vilela, faise constar o acordo da Comisión Provincial del Patrimonio Artístico, Arqueolóxico e Histórico de enviar, seguindo o asesoramento de Xosé Trapero Pardo, un escrito de condolencia ós parentes, que por certo non puidemos atopar.

Un sinal revelador da admiración pola produción foleana son as felicitacións motivadas por premios ou homenaxes.

Entre as numerosas congratulacións que Fole debeu recibir, consérvanse as comunicacións referidas á pensión vitalicia outorgada pola Fundación Barrié en 1977. Xosé Filgueira Valverde, entón director do Museo de Pontevedra, maniféstalle a noraboa ao tempo que sintetiza unha serie de observacións sobre varios artigos relacionados con Pondal. Posteriormente, en decembro de 1981, o vicepresidente da Fundación Barrié, Joaquín Arias y Díaz de Rabago, remite unha felicitación navideña; notifica o ingreso do importe correspondente ó Premio Vitalicio Fundación Pedro Barrié de la Maza e agradece ó escritor lucense as valiosas aportacións que está a realizar para acrecentar a nosa cultura.

Relacionadas coa concesión, en 1978, do Pedrón de Ouro (premio literario que, dende a fundación do padroado —en 1964—, estaba adicado ás personalidades intelectuais que pulasen pola cultura galega nos máis variados aspectos), están os parabéns da Condessa de Fenosa dende A Coruña e, dende Lugo, os da asociación cultural “O Carriño”, dirixida por Enriqueta Otero, mestra comunista. Esta agrupación lucense anuncia a asistencia dunha significativa representación a dito acto, nomea a Fole socio “número un” e fala da concentración de iniciativas no espallamento cultural. Existe tamén unha carta do vicepresidente e conselleiro da presidencia da Xunta de Galicia, José Luis Barreiro Rivas, na que se lle comunica, o 15 de febreiro de 1985 e dende Santiago, a imposición dunha das nove primeiras Medallas Castelao polo presidente da Xunta de Galicia, Gerardo Fernández Albor, na Capela Real do Hostal dos Reis Católicos en Santiago de Compostela. Sen embargo, problemas de saúde impediron a Fole recoller o galardón o 24 de febreiro de 1985, e foi o alcalde de Lugo, Vicente Quiroga, a personalidade delegada para o evento.

En febreiro de 1986 o presidente e mailo secretario do Patronato Curros Enríquez emitiron, dende A Coruña, un comunicado no que se constata a concesión do premio “Celanova, casa dos poetas”, que lle sería entregado a Fole en Lugo, o 15 de marzo do mesmo ano, polo daquela concelleiro celanovés de Cultura, Manuel Álvarez, en presenza dos membros do referido padroado (Xosé Luís Méndez Ferrín, Celso Montero e Xosé Manuel del Caño). Asemade, unha das primeiras homenaxes oficiais que se lle tributaron a Fole foi a designación dunha rúa lucense co seu nome, en 1981, pola que Juan Bautista Varela de Vega expediralle, dende Valladolid, unha felicitación.

A presentación oficial de *Historias que ninguén cre* en Lugo, o 15 de xaneiro de 1982, propiciou a celebración simultánea dunha merecida homenaxe no Instituto Feminino co título de “Fole e o seu mundo”. Ó acto, organizado por Edicións Xerais de Galicia —editora do volume— e no que, xunto con Ánxel Fole, interviron Claudio Rodríguez Fer —autor de *A Galicia misteriosa de Ánxel Fole*—, Paco Martín —gran admirador do escritor lucense—, Novoneyra —amigo do homenaxeado e amante, coma Fole, das terras de O Caurel— e, finalmente, Manuel María —poeta a quen Fole prologou *Terra Chá* e lle adicou algún artigo no diario *El Progreso*—, non asistiron, como se tiña programado, o presidente de Edicións Xerais, Xulián Maure, nin Xesús Alonso Montero. O primeiro disculpaba, nun telegrama, a súa ausencia por razóns de traballo. O segundo sumouse á homenaxe enviando, dende Santiago de Compostela, un escrito que leu Novoneyra, ausente Xulián Maure, e que se conserva coa correspondencia. Xesús Alonso Montero dóese de non compartir un momento tan especial, perfila os matices que caracterizan a personalidade creadora e humana do noso escritor e remata cunha aperta forte, cálida e agradecida. Finalmente, existe unha felicitación, con motivo da reedición de *Terra brava*, remitida por Eduardo Gutiérrez Fernández, no verán de 1976 e dende Compostela, e na que se solicita a presenza do escritor lucense na VII Feira do Libro Galego que organiza, en Ribadeo, a agrupación cultural “Francisco Lanza”, coa finalidade de presentar a obra e asinar exemplares.